

O RETORNO DE LINO: TERRA E POLÍTICA NOS ANOS TRINTA

Emilio Grandío Seoane

Universidade de Santiago de Compostela

Falar de Lino Novás é falar da terra. Da esencia dunha sociedade e dun país afeitos por necesidade á mobilidade. E das consecuencias que iso comporta. Na adaptación que se observa tanto na pulsión vital do mesmo individuo como das reaccións que xera o seu retorno. Lino quixo volver á súa terra, mais xa non a recoñecía como tal. Unha sociedade como a galega dos anos trinta, momento en que volve, na que a súa evolución humana o fixera medrar noutro espazo, noutro país, con outra xente... Identidades duplas, das que en Galicia temos tantas. Conciencia de pertenza a un espazo entre idealizado e terreal... Terra de ninguén. Do desarraigamento. Da querenza a unha terra cada vez máis afastada dun.

O motivo do relatorio que presentei sobre este tema no congreso que se fixo sobre Lino Novás foi un motivo de honra para min. Por unha banda, por recuperar unha figura literaria que me toca moi de preto, de xeito afectivo. Por outra, a miña colaboración na recuperación dos fondos de Lino Novás polo Consello da Cultura Galega é algo que me enche persoalmente de satisfacción mais tamén que repercutirá, sen dúbida, no coñecemento colectivo da potencialidade desta terra e das súas xentes. O traballo realizado sobre Lino Novás, tanto no plano académico como no persoal, enriqueceume xa que descubrín moito sobre min mesmo e sobre o que me rodea.

Dentro do fondo Lino Novás aparece un pequeno esbozo, case a xeito de guión, co título de «El misterio de los 7 libros. Memorias Limitadas», no que o mesmo autor indica que habería que realizar «de 1965 en adelante» e «todo en forma de cuentos». Das sete partes, ou libros, en que divide a súa experiencia vital, un apartado enteiro leva o título de «La España que vi: 1931-1939». Resulta curioso constatar como agrupa período republicano e Guerra Civil: o seu tempo en España...¹.

No desenvolvemento deste pequeno guión con centenas de escenas e varias páxinas en total, sinala diversos escenarios. Imos mencionar algúns: o retorno ás Grañas do Sor, «el hotel de la coruña (antes) con las putas debajo», a pensión de Madrid, o Ateneo, «la tasca de Bagaria», «pensión Barcelona plaza macia», «casa del barrio de Gracia (Barcelona, Jack.)», «librería santa ana», «frente de lister»,

¹ «Memorias Limitadas», Caixa nº 8, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo. Arquivo da Emigración Galega (AEG). Consello da Cultura Galega (CCG).

«Port bou»...². Relación de escenas dun xornalista nun tempo convulso como o dos anos trinta... Unha vida de película. Especialmente en España.

A intención desta pequena achega é tentar desenvolver dúas ideas. Unha primeira, a do retorno, do desarraigamento, do recoñecemento dun mesmo e da asunción da identidade mestiza en Lino Novás. A segunda, o que significa o período republicano e os efectos do conflito civil na experiencia vital de Lino, onde se marca, sen dúbida, un antes e un despois destes feitos. Lino chega a España nun contexto moi determinado: a dunha Europa de entreguerras e unha sociedade onde se xoga o futuro do combate contra o fascismo. Vai ser fundamental a súa experiencia nos anos trinta: o proceso ideolóxico interno que sufriu naquel momento fixo variar a perspectiva do seu oficio. Do que escribía e como. Tamén de sobrevivir ao pasado dende o esquecemento.

PRIMEIRAS ESCENAS DO RETORNO. SAÍNDO DO «FÍO INVISIBLE» DA TERRA

Lino Novás Calvo retorna a España no ano 1931. E quere regresar a Galicia. O territorio de onde saíu sen nada. Quere ver a súa nai, mais tamén de onde procede. Recuperar o alento da infancia. As percepcións perdidas tras o océano. Nos primeiros días de xuño de 1931 embarca no «Cristóbal Colón» cun billete de terceira cara á Coruña. Desembarca onde saíra rumbo a América con máis necesidades que seguridades.

Nas crónicas que fai para o diario da Habana *Orbe* entre 1931 e 1933 describe estas primeiras experiencias. Xa dende a viaxe de retorno. Do barco fala sobre «la confusión de dialectos, donde domina el gallego»³. De aquí é a súa primeira impresión sobre unha República recentemente nacida, cargada de esperanza e proxectos. E marca o concepto ‘proxectos’: «en el fondo todos están de acuerdo con la república, pero ninguno tiene la más remota noción de como una verdadera república debe ser»⁴.

² «Memorias Limitadas», Caixa nº 8, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, cit. supra.

³ En «Buceando en la tercera. De La Habana a Nueva York», do 24 de xullo de 1931, sacado da recompilación e edición feita por Romero, Cira (2013): *España estremecida*, Sevilla, Editorial Renacimiento, 28.

⁴ Ídem, 30.

A primeira impresión no seu desembarco no porto herculino foi a percepción dunha «apariencia de miseria»⁵. Atrévase dende o primeiro momento a calibrar a percepción do funcionamento da nova política republicana. Xa en poucos días indica que «se hace difícil tomar el pulso a las tendencias políticas gallegas aquí en La Coruña: un reducidísimo grupo nacionalista disperso, una organización Anarcosindicalista (Central en Barcelona) y dos o tres espíritus libres y luchadores que se mueven individualmente. A eso se reduce todo»⁶.

O primeiro pensamento sobre Galicia responde a unha terra que semella apolítica mais que se atopa chea de estruturas clientelares. Aínda non chegara á Coruña e, practicamente sen desembarcar, xa envía a *Orbe* tres crónicas. Dende o principio vese obrigado a escribir. Sen tempo de reflexión. Repetindo tópicos. Sen pausa. Con escaso tempo para observar algo do novo réxime como para apreciar o retorno. Lino volve a unha terra onde algo mudou, mais tamén cambiou a súa persoa. Regresa cun oficio. Cunha profesionalidade literaria. Cun enfoque de análise baseado na súa socialización previa en Cuba.

E cal é a súa primeira visión da terra cando volve a Grañas? Algo cambiou aquí tamén? Hai unha primeira impresión entre a idealización e o pesimismo. Para Lino, «el aldeano está a la misma distancia de la locura que del genio»⁷ e tamén «se ve que los candidatos y no los principios son los que congregan a los votantes en torno suyo»⁸. Con todo, máis alá da percepción máis ou menos xeneralizada, ben cedo comezan reflexións máis personalizadas. Algo se move no seu interior ante as expectativas que creara para a súa volta. A impresión do desarraigamento é inmediata («Enseguida comenzaron a zumbiar las lenguas, un vicio local... O pobriño: seique non che trouxo outro traxe»)⁹. Hai un resaibo duro e amargo no contraste que realiza entre a idealización das orixes marcada pola distancia, e a realidade dun presente distinto analizado por outra persoa. Mudaron todos os escenarios, os personaxes coñecidos, e as paisaxes lembradas con afecto tamén teñen outros perfís agora.

⁵ En «Hombres de mar y mujeres de orilla. Instantáneas gallegas», do 14 de agosto de 1931, sacado de Romero, *España estremecida...*, 37.

⁶ Ídem, 40-41.

⁷ En «Por la aldea de Galicia», do 21 de agosto de 1931, en Romero, *España estremecida...*, 45.

⁸ Ídem, 47.

⁹ Ídem, 51.

Comeza a aparecer na súa escrita un notable contraste coa súa ética, adquirida noutra cultura, noutro xeito de comportamento, que o fai reflexionar e ir máis alá. Di que no ambiente raro e enquistado que atopa no seu retorno hai un «sentido confuso de lo que es bien y mal... Como la calumnia es tan general, la defensa se hace siempre a base de calumnia». As pretensións e horizontes da comunidade son tan limitados que as proxeccións de futuro sempre son reducidas, cantonalizadas a un espazo convivencial pequeno. As expectativas: «vivir libre de murmuraciones y tener algo para el día de mañana»¹⁰. Miseria.

Lino cambiou. Observa dende fóra, dende o exterior, o que lle permite analizar o que denomina «ateísmo supersticioso» do galego. Dende os símbolos externos que utiliza para referirse a cousas distintas –«Un crucifijo en la aldea no tiene nada que ver con el cura ni con la Iglesia»– ata a relación activa coa morte –«En la aldea los muertos no están tan solos como en la ciudad»–¹¹. Lino aprecia unha fe relixiosa, unha identidade espiritual que considera mesmo «un poco santera», como a que observa na súa nai. Na transcrición da entrevista que lle fai Lorraine Roses para a súa tese de doutoramento sobre o autor, Lino fálalle sobre este aspecto da súa nai:

Ella tenía mucha fe, una fe un poco santera, fe en la Virgen María, no otra, pero tenía fe. Una vez fue a coser a casa del cura y oyó hablar a los curas unos con otros. Y ya desde el momento se renegó de la religión porque los curas hablaban como personas que no eran santas. Ella creía que tenían que ser santos¹².

Todo no seu retorno está vencellado a unha convivencia en espazos reducidos. Unha especie de «agorafobia» mental que sofren as súas xentes, forzadas polas circunstancias. O reducido do espazo afogaba: «Antes se resolvían todos los problemas huyendo a América, algo así como suicidándose. Esa nostalgia dura»¹³.

Como se pode observar, en xeral nos seus primeiros meses non hai unha impresión positiva sobre o que atopa. Lorraine Roses, no momento en que realizou as súas pescudas sobre Lino nunha viaxe que fixo ás Grañas do Sor (1986), lembra

¹⁰ En «Por la aldea de Galicia. Las escuelas», do 28 de agosto de 1931, en *ídem*, 55 e 57.

¹¹ En «La expulsión de los jesuitas», do 11 de decembro de 1931, en *ídem*, 295-296.

¹² Caixa nº 11, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

¹³ En «Los Traperos. El Campamento», do 11 de decembro de 1931, en Romero, *España estremecida...*, 188.

que recordaban o seu nome por dúas circunstancias, ningunha delas positiva: «por lo flaco y demacrado que vuelve Lino y por lo que escribe sobre Galicia en la prensa». Isto último foi debido a que alguén achegado ás Grañas do Sor desprazado en Madrid leu alí algún artigo de Lino onde indicaba que eran as mulleres as que tiraban directamente coa súa forza dos carros na terra. A constatación deste feito provocou que esta apreciación fose recollida como unha especie de traizón contra a súa propia terra¹⁴. Medo aos espazos abertos...

Vemos que o recordo de Lino da súa terra tropeza coas necesidades do presente. Segundo lle comenta ao mesmo Fernández de Castro, o seu principal valedor como correspondente en *Orbe*: «temo tener que volver a la aldea. Entonces si es verdad que no escribo otra letra». De feito, a súa peza curta «Un encuentro singular», o famoso relato onde narra este retorno e que fora publicado na *Gaceta Literaria* no ano 1931, foi axiña esquecido polo autor e polos seus lectores ata que Raymond Souza o descobre trinta anos máis tarde en Madrid. Logo volve ser publicado en 1970 no seu *Maneras de contar*. Mais indica que este relato non ten ningún elemento autobiográfico e que alguén lle contou esta historia antes de que el regresara a Galicia¹⁵. Realmente é un esquecemento voluntario, marcando distancias co recordo. Un silencio nada inocente contra o amargor da lembranza, que lle provoca a Lino mesmo que adapte o seu pasado.

ESPERANZA E DESENCANTO DO RÉXIME REPUBLICANO. O OFICIO DE ESCRITOR

Non volveu só para recoller o que quedaba do seu pasado, senón que Lino chega a España para desenvolver a súa profesión. Publica arredor de cincuenta crónicas da súa estancia para a habaneira *Orbe*, a revista do *Diario de la Marina*. Lino comeza a observar en primeira liña os inicios do proceso democrático español.

¹⁴ En Roses, Lorraine (1986): «La doble identidad de Lino Novás Calvo», en *Linden Lane Magazine*, xullo/setembro, p. 3, en Caixa nº 11, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

¹⁵ En Hoopes, David B. (2011): «Narrating the Galician Diaspora: Lino Novás Calvo's "Un encuentro singular"», *Lucero*, 20:1, UC Berkeley, 10-11.

É moi relevante a súa perspectiva. Lino marchou como emigrante mais regresa cunha profesión. E, tamén, non cabe esquecelo, cunha socialización política que non tivera en España. Como Lino, houbo moitos retornados que volveron a principios do réxime democrático coa ilusión de atopar e apoiar o cambio político, a través da súa actividade profesional ou política. Teñen unha nova visión do que está a acontecer, coñecedores dos problemas que tiña esta democracia dos anos trinta noutras sociedades alleas á española. Nas primeiras percepcións, escritas por Lino en agosto de 1931, xa aparece o desencanto: «Proclamada la República, la revolución continúa por dos modos: por la huelga y por la fiesta»¹⁶. Elimina aquel primeiro contido dos éxitos do reformismo republicano. Rapidamente se dilúe o mito da «revolución pacífica»: «Los revolucionarios de ayer han sufrido una gran metamorfosis... Salvo los afiliados de la CNT en España todos... están resueltos a dejar hacer a los ministros»¹⁷.

No primeiro aniversario da proclamación da República, en 1932, bota a vista atrás e fai contas. Aquela República non é dende logo nada radical e, de feito, aduce que boa parte do seu desenvolvemento é negativo en gran parte pola falta de firmeza na execución das súas reformas: «La República española no surgió de una revolución... el cambio se espera por una lenta evolución... La República Española surgió débil y apocada». Case formula o que aconteceu neste ano 1931 como unha transición, cun réxime que nunca fora abandonado de todo polos sectores que tiveran o poder durante o medio século anterior:

En España no existía una base social para un Estado burgués. El proceso fue invertido: en vez de surgir un gobierno de clase media creado por los intereses dominantes de esa clase, resultó lo contrario: el gobierno surgió de la muerte natural de la monarquía para crear esos intereses... en un crítico momento histórico en que la clase media mundial parece en bancarota, habría de ser obra de milagro¹⁸.

É unha análise crítica de xeito construtivo co proceso político, mais non esquece aqueles aos que lles incomoda a nova situación. Nos seus escritos cara a Cuba,

¹⁶ En «Un cubano en Madrid», do 11 de setembro de 1931, en Romero, *España estremecida...*, 72.

¹⁷ «Madrid psico-político», do 25 de setembro de 1931, en Romero, *España estremecida...*, 92 e 93.

¹⁸ Este parágrafo e o anterior proceden de «Las dificultades vencidas», do 17 de abril de 1932, en ídem, 323 e 326.

Lino considera que a chegada da República foi máis sorpresa para os republicanos que para Alfonso XIII ou Romanones. Pensa que a implantación dun réxime democrático é unha enorme oportunidade (textualmente: «a chance»), mais tamén considera que non se lle deu nin un minuto de tregua nin de confianza. Deseguido «ármanse» argumentacións contra a nova República. Xa nos sucesos de Castilblanco e Arnedo, que a prensa conservadora considera unha expresión da falta de control na política de orde pública, Lino indica que xa se escoitan frases como «esto no tiene salida, aquí va a pasar algo». En efecto, considera que hai unha ampla coalición de sectores sociais acazapados agardando o seu momento. Identificados dende o clero, os terratenentes ou a plana maior do exército e que «serán secundados por una serie esporádica de rentistas, maestrillos y, en general, por aquellos elementos pasivos que tienen algún bien en el reposo»¹⁹.

Moitas liñas ten escrito Lino contra os perigos da República. Non en 1934 nin en 1936, xa os observa e escribe sobre eles dende xaneiro de 1932. Por exemplo, sobre a Garda Civil di o seguinte: «Acaso ningún otro cuerpo en el mundo tiene un concepto de la vida y de la muerte como la Guardia Civil» e «soterran la lucha, provocan la célula, el cuartel secreto donde se fragua la revolución»²⁰. En marzo de 1932 fala deste xeito sobre a conspiración golpista: «La suerte ha sido echada a favor de la reacción, y con ello la palabra República queda cubriendo una farsa, cuando no algo peor», ou «hay una clase fanática sin más intereses que la ropa que lleva encima, dispuesta a servir a la reacción»²¹.

Segundo Lino, o rumbo que tome a República será indiferente á actitude que van tomar estes sectores respecto do réxime. Dá igual o que se faga: «Las derechas han ganado ancho campo. Derechas acaso monarquizantes, pero que posiblemente no piensen en una restauración, esto es evidente... Pues nada que haga este gobierno está bien hecho para ellos»²². Non parece unha análise efectista para gañar público. Para os seus lectores pode resultar sorprendente o que se comunica, pero non para Lino: «A lo mejor viene uno a España y no la ve»²³.

¹⁹ «España estremecida. Castilblanco-Lamiaco-Arnedo», do 19 de febreiro de 1932, en ídem, 264.

²⁰ «La Porra y la Benemérita», do 29 de xaneiro de 1932, en ídem, 242 e 244.

²¹ «La metamorfosis de la política. Lerroux radical, caudillo y reaccionario», do 10 de abril de 1932, en ídem, 316 e 320.

²² «De la España de hoy. La política de fin de año», do 12 de febreiro de 1933, en ídem, 389.

²³ «Artistas noctámbulos», do 27 de novembro de 1931, en ídem, 264.

E non abandona o seu enfoque sobre o que mellor coñece, Galicia. Pensa que a imaxe de Galicia dende Madrid non é positiva. Case hai en Lino, neste tema en concreto, a expresión dunha terra que se ve desprezada. A Casares Quiroga, ministro de Gobernación, que dirixe un «numeroso y terrible ejército de policías y guardias», considérao como «un hombrecillo insignificante, que para más agravante –según el concepto que perdura aquí– es gallego»²⁴. Mais non se limita a enviar balóns fóra. Lino considera que boa parte do concepto negativo que se ten de Galicia vén motivado polas actitudes dos mesmos galegos: «A Galicia no se le considera... sus pretensiones regionalistas se consideran impertinencias... Toda Galicia no es sino la expresión más patente del sistema de servidumbre... el espíritu cristiano de la igualdad se conservó allí más puro que en ningún otro lugar»²⁵.

En pouco tempo, en 1932, Lino publica tres contos na moi acreditada *Revista de Occidente*, o que lle dá o prestixio de excelente narrador²⁶. El mesmo comentaba, na entrevista que lle fai Lorraine Roses, que foi nestes anos da República cando atopou «un porqué escribir»²⁷. Fórmase a conciencia de escritor. O seu rol na vida. E semella que é agora cando aposta por esta profesión como o seu camiño de vida. Nunha carta a Fernández de Castro do 11 de maio de 1933 dille: «He sido el primero en escribir puta, nalgas y... otras expresiones crudas, plebeyas y bruscas en la R. de O.»²⁸. Hai un propósito de transcender a través da transgresión. De facerse notar. De ser visto.

Entra nos circuitos intelectuais cedo. Aínda que nas súas primeiras apreciacións considera os intelectuais españois pouco activos, o certo é que Lino dende o primeiro momento tenta integrarse no seu contexto. De feito, Lino preséntase nestes anos a unhas eleccións ao Ateneo de Madrid como secretario terceiro da candidatura da Sección de Literatura, detrás de Melchor Fernández Almagro ou César M. de Arconada²⁹.

²⁴ «La Porra y la Benemérita», do 29 de xaneiro de 1932, en ídem, 242-243.

²⁵ «A.B.C. Republicano», do 1 de outubro de 1931, en ídem, 104-105.

²⁶ En Souza, Raymond D. (1979): «The early stories of Lino Novás Calvo (1929-1932): Genesis and aftermath», *Kentucky Romance Quarterly*, vol. 26, issue 2, 228.

²⁷ Caixa nº 11, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

²⁸ Romero, Cira (2009): «Luis Novás Calvo, el mundo hispano», en *Puentes Cordiales*, A Habana, Ediciones Vivarium, 7.

²⁹ Caixa nº 8, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

Ao desaparecer as súas contribucións a *Orbe*, vese obrigado a traballar noutros diarios e revistas. Non foi doado. Segundo algunhas versións, non contaba con cartos mesmo para adquirir unha máquina de escribir e o seu primeiro conto tivo que presentalo á man³⁰. É aquí cando comeza a traducir a Aldous Huxley –*Contrapunto*, do que segundo a súa opinión: «lo traduje con bastante rapidez... porque es un escritor muy intelectual... de tipo latino», D. H. Lawrence –*Can-guro*–, William Faulkner –*Santuario*– ou Balzac –*pequeños burgueses*–³¹. E tamén inicia a súa carreira de escritor en España. En 1933 publica, nada menos que na prestixiosa editorial Espasa Calpe, *El Negrero*. Son anos de moita viaxe por Europa. Está en Madrid, Barcelona e París, e mesmo pasa uns meses en Berlín e Hamburgo. Aquela Europa convulsa e dinámica modela sen dúbida o primeiro Lino Novás escritor.

O 15 de marzo de 1934, Lino Novás comeza a abandonar a eventualidade laboral e asina un contrato por 400 pesetas ao mes co xornal *La Voz*. Oficialmente terá que realizar «artículos firmados o sin firmar para secciones especiales y demás trabajos que se le encomienden»³². De feito, xa é considerado un elemento relevante para o desenvolvemento do xornal. Os anuncios dos seus próximos escritos en *La Voz* publicaranse a media páxina no xornal *El Sol*³³. O *Diario de Madrid* faille tamén un carné de xornalista e redactor a principios de 1935³⁴. Semella que a carreira de Lino Novás se atopa en claro ascenso. Tamén coma outros, na súa carreira atravesouse algo que, aínda que agardado, era inesperado.

³⁰ Recollido nun escrito de homenaxe a Lino Novás, datado o 16 de agosto de 1983, e asinado por Fina Wupperman da Boston University e Lorraine Elena Roses da Wellesley College, 5, en Caixa nº 11, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

³¹ Recollido na entrevista realizada por Gutiérrez de la Solana, A. (New York University) (1961): «Lino Novás Calvo: literatura e experiencia», 67, en Caixa nº 11, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

³² Caixa nº 11, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

³³ «Pronto en *La Voz*. La ciudad, el campo y el mar. Memorias de un emigrante español en la Isla de Cuba. Reportaje vivido, directo, auténtico, del notable escritor Lino Novás Calvo», texto do anuncio en *El Sol*, do número do 17 de agosto de 1934.

³⁴ Localizado en Caixa nº 9, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

A ENCRUCILLADA DO CONFLITO BÉLICO: AS DECISIÓNS

A guerra sorprende a Lino no norte de España. Toma o último tren que chega a Madrid dende Bilbao, onde facía unha reportaxe sobre as cadeas españolas. O *Diario de la Marina*, o periódico que guiara os seus primeiros pasos en España, pídelle que regrese a Cuba, mais considera que o inicio do conflito é a súa oportunidade como xornalista e queda como correspondente de guerra.

É evidente que os primeiros pasos no Madrid da resistencia ao golpismo tras a sublevación militar non foron doados. Non só para un civil calquera que precisará achegarse aos sectores sindicais, senón que a mesma actividade do oficio de Lino necesita de capacidade e autonomía para manexarse con liberdade na procura da nova. Consegue nos primeiros momentos un salvoconduto da Juventud Socialista Madrileña «para la libre circulación del periodista», que ten data do 22 de xullo de 1936³⁵. Rapidamente se insire no seu círculo de apoio.

Realmente é unha situación de urxencia. Non a pode haber maior que salvar as costas nun proceso revolucionario en marcha naqueles momentos, propiciado por un golpe militar fracasado. De feito, sempre comentou que ata ese momento el non pertencía a ningunha organización política. O seu individualismo na acción levouno, neste caso, a pasar a que considerou a súa vivencia máis traumática.

Un mes despois do golpe, o 20 de agosto, aparece dentro do Comité de Propaganda Exterior da Alianza de Intelectuales Antifascistas e inicia unha emisión radiofónica por Radio UGT para Iberoamérica. Xunto a el, na locución, atópanse Alberti, Teresa León, Emilio Delgado e Armando Bazán. Tres días despois deste anuncio, o domingo 23, tiña previsto falar ás doce e media da noite para «los emigrados españoles de América acerca de lo que el triunfo de la voluntad democrática del pueblo habrá de significar para todos los españoles»³⁶.

Mais nesa mesma data do 23 de agosto, é denunciado publicamente ante a Asamblea de Escritores Antifascistas por publicar, no ano 1934, artigos contra os mineiros de Asturias. Carmona Nanclares acúsao, na Casa da Cultura, de ser un reaccionario, «incluso un fascista». Nun contexto dunha capital como Madrid, considerada o principal obxectivo dos exércitos sublevados, que aplica de xeito

³⁵ Caixa nº 9, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

³⁶ «Radio U.G.T. y los pueblos hispanoamericanos», *El Sol*, 19 de agosto de 1936, 3.

frenético a xustiza interna, Lino foi rapidamente condenado á morte e levado «á capilla» agardando a execución da súa pena.

Tras varios chamamentos, á última hora é capaz de probar a súa inocencia, coa intervención directa de tres personaxes de auténtico relevo intelectual como Neruda, María Zambrano e José Bergamín, que o garanten persoalmente. En efecto, este último foi quen levou a batuta, como portavoz da súa defensa³⁷. A denuncia foi retirada tras pasar esa noite, dramática noite, na cadea. Carmona, nunha carta persoal, retira a acusación, «en vista de la información que recibo»³⁸. De feito, se non chega a ser polo apoio dos seus compañeiros, a resposta dos responsables do Comité madrileño da Juventud Socialista reafirma a escasa –ou nula– presenza de Lino Novás na agrupación. O informe que enviaron nesa mesma data do 24 de agosto na que liberan a Lino era o seguinte: «En lo que llevamos revisado hasta ahora del escritor LINO NOVÁS CALVO no hemos encontrado nada que tenga carácter fascista. Tampoco hemos encontrado nada que lo tenga antifascista»³⁹. Unha resposta moi galega, que non parece que facilitase moito a súa saída da cadea.

Moitos anos máis tarde, na entrevista que lle realizou Alberto Gutiérrez de la Solana, citou este feito como o momento máis doloroso da súa vida: «Una noche en capilla, porque virtualmente fue eso, en la Casa de los Espínolas, en la Castellana de Madrid, durante la Guerra Civil». A seguinte pregunta: «¿Por qué no has aprovechado esa experiencia para un cuento? Es una historia larga. Dejemos eso para otra conversación»⁴⁰. Marcaríao no futuro e non só na súa vida, senón tamén na comunicación a través dos seus escritos dos significados daquela dor interna sufrida naquelas datas. Dende logo o recordo máis traumático da súa vida: «Deshecho, inquieto y con una angustia que le acompañó toda la vida en forma velada o manifiesta»⁴¹.

³⁷ Romero, Cira (2004): «Las horas completas de un escritor cubano de origen gallego: Lino Novás Calvo», *Moenia*, A Habana, 231.

³⁸ Caixa nº 8, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

³⁹ Caixa nº 9, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

⁴⁰ Gutiérrez de la Solana, A. (New York University) (1961): «Lino Novás Calvo: literatura e experiencia», 67, en Caixa nº 11, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

⁴¹ «Homenaje a Lino Novás Calvo», 16 de agosto de 1983, de Fina Wupperman e Lorraine Roses, 4, en Caixa nº 11, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

O ESCRITOR DETRÁS DA TRINCHEIRA

Tras esta forte experiencia, non foi estraño que Lino buscase protección persoal para seguir exercendo a súa profesión. Un dos primeiros encargos que se lle fan tras saír da cadea vai ser o da Alianza de Intelectuales Antifascistas de levar a responsabilidade do proceso de incautación dunha das librarías máis importantes daqueles anos en Madrid: a librería Bailly-Baillière, localizada na praza de Santa Ana número 11⁴². Poucos días máis tarde, o 5 de setembro, participa no Ateneo de Madrid nun acto de homenaxe a Máximo Gorki, «Duda y resolución en Gorki». Interven con el no recital Ricardo Baeza, Andrés Iduarte, Miguel Koltzov e María Teresa León⁴³.

A República reconfigúrase. O PCE convértese no partido esteo da República. En gran parte, pola necesidade de apoio soviético ante a declaración internacional da política de non-intervención dende mediados de agosto de 1936, que impide a axuda das potencias democráticas occidentais á República. E son os comunistas os que lle ofrecen a Lino traballar no seu xornal *Mundo Obrero* e *Ayuda*. Anos máis tarde indicaría que «no tenía elección. Así que durante el resto de la guerra fui corresponsal para los periódicos comunistas»⁴⁴. De feito, converteuse en oficial de enlace do rexemento de Valentín González, *El Campesino*. Con data do 8 de novembro de 1936, cando se estaban a xogar os momentos máis complicados da defensa de Madrid, asínaselle un salvoconduto do Servicio Especial do Estado Mayor do Ministerio da Guerra para que «pueda circular libremente por todos los frentes de guerra, solamente hasta los puntos en que se hallan establecidos los respectivos cuarteles generales, con objeto de hacer reportajes para el diario *Ayuda*. Irá acompañado de un conductor»⁴⁵.

No período dun ano, entre os meses de outubro de 1936 e 1937, publica 29 traballos en *Ayuda*. O seu labor non ten nada que ver co realizado nos anos republicanos. A crítica non lle é agora útil. É máis, como xa viu, algunha reflexión persoal pode ser motivo de persecución. A demanda de traballo e da unidade

⁴² Con data do 25 de agosto de 1936; Caixa nº 9, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

⁴³ *ABC* de Madrid, do 5 de setembro de 1936.

⁴⁴ En documento persoal mecanografado titulado «My political record», datado en maio de 1966 en Nova York; Caixa nº 9, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

⁴⁵ Caixa nº 8, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

antifascista para a correcta organización da retagarda son as súas consignas⁴⁶. En *Mundo Obrero* fai arredor de 70 crónicas, entre o 16 de febreiro e xaneiro de 1938. O perfil de Lino nesta política non encaixa moito. Mais Lino continuará na fronte ata o final da guerra, con distintos salvocondutos, e mesmo algún emitido en xaneiro de 1939.

Existen, segundo Lorraine Roses e Jesús Cano, tres novelas curtas que leva con el ao exilio (*La Cota*, *San José* e *En la Masía*)⁴⁷. Semella que cando menos algunha destas anotacións iniciais se atopa no Fondo Lino Novás do Consello da Cultura Galega, material fundamental deste artigo. Son 11 páxinas escritas sobre un episodio acontecido nunha masía, incluíndo a Líster na súa estadía en Cataluña. Entre as páxinas deste manuscrito aparece unha anotación de nomes propios para recordar incluír sobre os anos da Guerra Civil, especialmente na súa estadía en Cataluña, na traxedia da derrota. Lino cita a Togliatti, Dolores, Pepe Díaz, Carrillo, Campesino, Trotsky, o mesmo Líster... Tamén existen outras 11 páxinas co título de «La Guardia», que falan da experiencia dun francotirador no contexto de principios de novembro en Madrid, días despois de cando a Lino lle permiten circular pola fronte madrileña. Cando a toma de Madrid, e con ela a derrota da República, pendía dun fío⁴⁸.

Un traballo xornalístico centrado no obxectivo de gañar a guerra, mais tamén unha experiencia de apresurada crónica de combate de alto nivel informativo e, tamén, estilístico. Unha experiencia inesquecible, aínda da derrota. Tentando procurar sempre a cara humana do conflito. A percepción da guerra e das fronteas militares foron a experiencia vital de Lino. O que definitivamente lle marcou un antes e un despois, como lle indicou a Lorraine Roses anos máis tarde:

Fui atrapado allí, y me daría vergüenza renegar. De modo que no me puse a renegar. Y además no había posibilidad aun cuando quisiera. Tuve ocasión de saltar en el frente al otro lado. Yo no creía en nada. No estaba conforme tampoco con lo que estaba viendo allí. Gente inocente que veías caer. En cuando se desboca la fiera, el ser humano tiene la fiera dentro⁴⁹.

⁴⁶ Ver Cano Reyes, Jesús (2013): «Los dos compromisos de Lino Novás Calvo», *Revista Letras*, nº 10, 21-22.

⁴⁷ Ídem, 18.

⁴⁸ «Memorias Limitadas», Caixa nº 8, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

⁴⁹ Caixa nº 11, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

Cando remata o conflito, Lino sae, ten que saír, de España. Mesmo nunha situación persoal de difícil equilibrio. Nunha carta que lle envía a Chacón dende París o 11 de febreiro de 1939 comunícalle que acaba de chegar a París esquivando os campos de concentración: «No sé todavía si me mandarán a Valencia o a Madrid. No quisiera ir. Tengo los nervios destrozados»⁵⁰. Inmediatamente a Legación de Cuba en París acéptao e poucos meses máis tarde, en abril de 1939, regresa definitivamente a Cuba. Non volverá a Galicia. Non volverá a España.

A PEGADA DESTES OITO ANOS EN ESPAÑA: APRENDIZAXE E ESQUECEMENTO

Claro que a Lino Novás o marcaron os seus oito anos en España. Foi un tempo acelerado onde sinalou o seu rumbo persoal e profesional. Hai que decatarse de que boa parte do recordo do acontecido en España estivo caracterizado polo fracaso das súas expectativas previas. Nunha das respostas da entrevista escrita que lle realizou Gema Hernández en Syracuse (Nova York) en 1971 dixo que «de derrotas sé mucho más que de victorias. Y uno no debe escribir de lo que no sabe»⁵¹.

Nunca quixo falar dos anos da Guerra Civil. Deixou escrito no limiar do libro *Órbita de España* (1943) de Fernando Campoamor: «He estado dentro de aquella sangre y aquel fuego. No puedo decir que los vi. Estaba demasiado dentro de ellos para ver... La historia tiene esos dos aspectos: interior y exterior, que no se contradicen, sino que se complementan. Y los dos son verdaderos. Hasta las mentiras que se han dicho de España han tenido su sentido y su meta. Pasará tiempo antes de que se puedan destruir esas mentiras»⁵².

É verdade que na súa escritura quere estar ausente o «eu». Hai unha tentativa de asepsia interpretativa que non é tal, xa que máis parece ter a vontade de saír do seu corpo. Ou, mellor, de anestesiar a súa conciencia. De feito, como xa vimos,

⁵⁰ Romero, Cira (2004): «Las horas completas...», 233.

⁵¹ «Algunas respuestas a las preguntas de la Sta. Gema G. Hernández», Caixa nº 11, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

⁵² «Guión», en Campoamor, Fernando G. (1943), *Órbita de España*, A Habana, Editorial Proa, 5; citado por Espinosa, C. (ed.) (2018), *Un escritor en el frente republicano. Lino Novás Calvo*, Fondo de Cultura Económica, 21.

nega incluso que «Un encuentro singular» fose autobiográfico⁵³. Hai unha marcada vontade de distanciarse do tema. As consecuencias do seu retorno a Galicia remataron mesmo cunha saída non de moito éxito co drama da guerra. Trauma e trauma.

Semella que na súa obra literaria a partir deste momento toma distancia co exterior. Ficciona a realidade para afastarse dela. Para procurar un novo final. Para indagar no que puido ser e non foi. Para non caer de todo no pesimismo da realidade. Estes anos son fundamentais na vida, na carreira profesional e literaria do noso protagonista. Pero o recordo, aínda que non expreso, sempre estivo aí. Na patria da infancia. Na derradeira entrevista que Lorraine Roses tivo con Lino, pouco antes de que a parálise lle quitase a palabra, este contoulle sobre «una aldea que estaba en una loma, donde la tierra se cae por la noche y por la mañana tienen que subirla para poder sembrar»⁵⁴.

Segundo Cabrera Infante, Lino «siempre se portó de una manera extraña, toda su vida. No fue lo que podemos llamar un antihéroe, pero si un no-heroe... Nunca supe lo que pretendía. Lino era un hombre verdaderamente extraño»⁵⁵. Volvemos á idea do home que viaxa, sen raíces. Lino tivo a influencia de catro desprazamentos: o da emigración a Cuba, o de 1931 a España, o de 1939 a Francia e volta a Cuba, o de 1960 aos EE.UU... Unha enorme vida interna e unha inxente capacidade de adaptación, conseguida a través dun enfoque individualista, como en gran parte o é por formación de emigrante. Por iso o seu camiño dende aquí será a procura no interior das persoas. Doe tanto o interior porque se sente humano. Mais a experiencia destes anos é dureza e crueldade. Ausencia de humanidade. Cando se lle pregunta polas «clases oprimidas», Lino escribe e sentencia: «Procedo de ellas, y quisiera ser su voz, no política, sino humana, humanitaria»⁵⁶.

⁵³ En Hoopes, David B. (2011): «Narrating the Galician Diaspora...», 2.

⁵⁴ En Roses, Lorraine (1986): «La doble identidad...», Caixa nº 11, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.

⁵⁵ «El traductor interno. Entrevista con Guillermo Cabrera Infante», *Trans*, nº 5 (2001), 211-212.

⁵⁶ «Algunas respuestas a las preguntas...», Caixa nº 11, Fondo Colección Particular Lino Novás Calvo, AEG, CCG.